



IES AGRA DE LEBORIS

CEIP OTERO PEDRAYO

CEIP ALFREDO BRAÑAS

CEIP CAIÓN

Aprendemos da diversidade na Laracha



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CFR A CORUÑA

centro de formación e recursos



CONCELLO DA LARACHA

FEDERACIÓN



DE ANPAS

CostadaMorte



ANPAS

GALEGAS



Deputación DA CORUÑA

29-30 ABRIL 2016

I XORNADAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

CASA DA CULTURA

A LARACHA

Desde A Laracha propoñémosvos participar nestas primeiras xornadas que teñen como obxectivo primordial xerar un tempo e un espazo no que aprender da diversidade e aprendermos xuntos, profesorado, nais e pais. Porque a todos nos move un único interese: mellorar as prácticas educativas, atendendo á diversidade do alumnado. Aproveitaremos ademais para poñer en valor e difundir boas prácticas, que a todas e todos nos poden servir de modelo.

PROGRAMA

VENRES 29 DE ABRIL

17:00 a 17:30 Recollida de documentación e sinaturas.

17:30 a 17:45 Apertura

Representantes de: **CFR, ANPAS, Concello e Centros de Ensino da Laracha.**

17:45 a 19:15 Conferencia inaugural
“Diversidade xenética humana e as súas aplicacións”
Por Angel Carracedo.



Probablemente, o científico galego de maior proxección internacional. Catedrático de Medicina Legal na Universidade de Santiago de Compostela, onde coordina o Grupo de Medicina Xenómica, con equipos de investigación que hoxe son líderes mundiais, con grandes logros no diagnóstico e tratamento de cancro, enfermidades raras, alzheimer, esquizofrenia, depresión, ...

Ademais, gran comunicador e persoa profundamente comprometida coa mellora do ensino. Resulta un verdadeiro pracer escoitalo e un grande privilexio poder contar coa súa presenza nestas xornadas. Será interesante tamén coñecer a súa visión, de profesor universitario e científico na vangarda mundial, de como debería ser a educación no século XXI.

19:15 a 19:30 Pausa

19:30 a 20:30 “Estratexias de intervención educativa para o alumnado con TDAH dende unha perspectiva inclusiva.”
por Lidia M^a Gómez Boga. Mestra de Pedagogía Terapéutica
CEIP Galán Oseiro-Arteixo

Trataremos a elaboración dunha **resposta educativa adaptada á diversidade**, baseándose na modificación dos elementos non prescriptivos do currículo: metodoloxía, deseño e posta en práctica de actividades, adaptacións dos instrumentos de avaliación, didáctica docente.

SÁBADO 30 DE ABRIL pola mañá

09:45 A 10:00 Sinaturas

**10:00 a 11:45 “Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar”:
Programa CA/AC da Universidade de Vic-Barcelona
Aprendizaxe cooperativa no IES Agra de Leborís.
por Carmen Vaz Dapía, asesora CFR de Vigo.**

Aprender xuntos alumnas e alumnos diferentes é necesario, é xusto e é posible.

Apostamos por centros de ensino para todas e todos, onde alumnas e alumnos diversos aprendan xuntos, apoiándose mutuamente.

Os equipos cooperativos favorecen a aprendizaxe de todo o alumnado e o desenvolvemento integral das súas capacidades. O traballo en equipos cooperativos é ademais o marco ideal para aprender a dialogar, a convivir e a ser solidario.

Carmen Vaz presentaranos o programa de Universidade de Vic ao que se uniu este curso o IES Agra de Leborís.

11:45 a 12:00 Pausa.

**12:00 a 12:45 “ A respiración das baleas en Caión”
Por Montserrat Barros Grela Orientadora dos
CEIP “Alfredo Brañas” de Paiosaco, CEIP de Caión
e CEIP “A Revoltiña” de Soandres.**

Unha experiencia piloto da práctica de *Mindfulness* dentro das aulas de Educación Primaria como estratexia para que o alumnado logre un estado de consciencia e calma que lle axude a coñecerse mellor, autorregular a súa conduta e mellorar a súa atención.

Este sinxelo programa de educación emocional está enmarcado dentro do Proxecto de Enriquecemento Curricular: *Pensa, Aprende e Crea en Caión*.

**12:45 a 14:00 As altas capacidades na escola
“Aeroliñas SEM aterran na escola:
potenciación e democratización do Talento”.
Por Jose A Pallero Bote, profesor de inglés no CEIP Otero Pedrayo**

Implantando o Modelo de Enriquecemento Escolar na escola galega. Nesta módulo amosarase a experiencia de levar o modelo SEM a dúas aulas de inglés de 5º de Primaria. Partindo dos intereses do alumnado e buscando a aprendizaxe significativa, tratouse sempre de potenciar o Talento. A compactación curricular como ferramenta metodolóxica a disposición do profesorado, co obxectivo de facer do enriquecemento escolar un proceso democrático, do cal se beneficien todos e que dea a oportunidade de profundar en coñecemento avanzado a quen así o queira.

"Pensa, aprende, crea... en Paiosaco.

Memorias das nosas viaxes por América”

**Por Sara Gómez Macho mestra de Pedagogía Terapéutica no
CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco.**

Unha experiencia de enriquecemento curricular co alumnado de 2º de Educación Primaria no CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco.

14:00 a 16:15 Pausa para xantar

SÁBADO 30 DE ABRIL pola tarde

16:15 a 16:30 Sinaturas

16:30 a 18:15 A xestión das emocións. A Educación Emocional.
por M^a del Carmen Loureiro licenciada en Psicoloxía

Apostar polo coñecemento das emocións propias e alleas, a autonomía, a empatía e o respecto, é unha obriga da educación do século XXI.

Aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a vivir xuntos, aprender a ser... Dificilmente se pode aprender a ser e a vivir xuntos se seguimos cun modelo educativo que nos fai máis hábiles co mundo físico ca co social, que nos leva a saber máis cousas do mundo exterior ca da nosa propia intimidade, a coñecer máis os obxectos ca a nós mesmos ou ás persoas que nos rodean.

18:15 a 18:30 Pausa

18:30 a 19:30 “Era poesía e ti non o sabías”.

Por María Lado e Lucía Aldao.

Poesía e humor, a cargo deste dúo que forma unidade nunha diversidade que acomodan nos versos. María e Lucía farán o que mellor saben facer: poesía como escusa para botar unhas risas ou xogar co humor co pretexto de botar uns poemas. Poesía dotada de ritmo e comunicación aberta ao público, xogos, historias que rodean aos poemas, momentos de reflexión... E música, como non!



.....

INSCRICIÓN NAS XORNADAS

PROFESORADO:

Na páxina web da Consellería: <https://www.edu.xunta.es/fprofe/>

Na pestana de inscricións, buscar actividades en prazo.

Data límite 14 de abril. Certificación de 10 horas de formación.

HAI SERVIZO DE LUDOTECA para nenas e nenos de ata 10 anos.

Para solicitar este servizo, facelo a través da páxina Web do IES Agra de Leborís, cubrindo o mesmo formulario que as familias.

NAIS, PAIS E OUTROS COLECTIVOS INTERESADOS:

Na páxina web do IES Agra de Leborís:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesagraleboris/>

Pinchando no cartaz das xornadas accedese ao formulario que hai que cubrir.